



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO (INORDE) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA NA PROVINCIA DE OURENSE

REUNIDOS

Por unha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra, D. Rosendo L. Fernández Fernández en representación do **Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE)**, na súa calidade de Presidente, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren o artigo 12.2.a) dos estatutos do INORDE, aprobados pola Corporación Provincial, na súa sesión do día 24 de setembro de 2004, publicados no BOP do 5 de outubro de 2004.

As partes recoñécense capacidade legal suficiente para outorgar a presente addenda, a cuxos efectos

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o 22 de agosto de 2020 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é o establecemento das bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o INORDE para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúa a realización das seguintes liñas de acción:

1. Equipamento do ximnasio do campo de regatas en Laias
2. Evento "Gladiator RAcE nocturno"





3. Evento volta ciclista "Ourense Strade Termal

4. Actos promoción rema, vela, piragüismo 2020 en Ourense

Todas elas son accións que teñen como obxectivo favorecer o coñecemento de Galicia como destino turístico de calidade a nivel interno e internacional reforzando as accións sobre os recursos con maior valor engadido para o sector turístico e que, ao mesmo tempo, favorezan a sustentabilidade, a desestacionalización e o reforzamento da marca.

Segundo.- Que o pasado 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde declarou pandemia internacional a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19.

Mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O estado de alarma declarado foi prorrogado co sometemento ás mesmas condicións establecidas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo. Prórrogas que alcanzaron ata o 21 de xuño de 2020.

O Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, recolle as medidas que hai que observar, unha vez levantado o estado de alarma, mentres se manteña a situación de crise sanitaria.

Neste contexto de crise sanitaria resulta esencial o mantemento de medidas axeitadas de prevención e control da propagación da enfermidade, tendo en conta a súa transmisibilidade e a ausencia dunha vacina ou tratamento efectivo.

Por este motivo estanse a adoitar medidas polas autoridades sanitarias encamiñadas ao control da pandemia, segundo a súa evolución.

A citada situación impide que a entidade beneficiaria realice a actuación obxecto deste convenio relativa ao evento “Gladiator Race Nocturno”, xa que non está permitida a realización de carreiras de obstáculos, motivo polo que o INORDE presentou unha proposta de modificación da citada acción por outro evento que se poida situar na zona do Parque do Xures, na modalidade de trail, “Trail do Xures”, no que se permite adaptar o formato á situación actual, con limitación de participantes, saídas





graduadas, utilización de máscara na saída, nos avituallamentos e na chegada, así como calquera outra medida preventiva marcada polas autoridades sanitarias para garantir plena seguridade.

Por estes motivos, e dado o interese común das partes asinantes, acórdase celebrar a presente addenda que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

1. Modifícase a **cláusula primeira** do convenio, que queda redactada como segue:

“Primeira.- Obxecto do convenio.

É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o INORDE para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúa a realización das seguintes liñas de acción:

1. Equipamento do ximnasio do campo de regatas en Laias
2. Evento "Trail do Xurés"
3. Evento volta ciclista "Ourense Strade Termal"
4. Actos promoción rema, vela, piragüismo 2020 en Ourense

Todas elas son accións que teñen como obxectivo favorecer o coñecemento de Galicia como destino turístico de calidade a nivel interno e internacional reforzando as accións sobre os recursos con maior valor engadido para o sector turístico e que, ao mesmo tempo, favorezan a sustentabilidade, a desestacionalización e o reforzamento da marca”.

2. Modifícase a **cláusula segunda** do convenio, que queda redactada como segue:

“Segunda.- Financiamento.





O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a corenta e dous mil cincocentos euros (42.500,00 €), co seguinte desagregamento:

ACCIÓN	IMPORTE
1. Equipamento do ximnasio do campo de regatas en Laias	18.000,00 €
2. Evento "Trail do Xurés"	8.000,00 €
3. Evento volta ciclista "Ourense Strade Termal	12.000,00 €
4. Actos promoción rema, vela, piragüismo 2020 en Ourense	4.500,00 €
TOTAL CONVENIO	42.500,00 €

A Axencia Turismo de Galicia achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020 trinta e tres mil cincocentos euros (33.500,00 €), que se imputarán á aplicación 11.A2.761A.760.3, na que existe crédito adecuado e suficiente. Esta achega destinarase ao financiamento das devanditas accións conforme ao custe estimado no anexo I do convenio.

O orzamento necesario para completar a execución do resto de accións previstas será aportado polo Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE) que realizará unha achega total de nove mil (9.000,00 €), financiada con fondos propios dos seus orzamentos”.

3. Modifícase o **anexo I** do convenio, que queda redactado como segue:

ANEXO I

ACCIÓN	IMPORTE
1. Equipamento do ximnasio do campo de regatas en Laias (I)	18.000,00 €
2. Evento “Trail do Xurés”	8.000,00 €
3. Evento volta ciclista "Ourense Strade Termal	12.000,00 €
4. Actos promoción rema, vela, piragüismo 2020 en Ourense	4.500,00 €
Subtotal correspondente á Axencia de Turismo de Galicia	33.500,00 €
5. Equipamento do ximnasio do campo de regatas en Laias (II)	9.000,00 €
Subtotal correspondente ao INORDE	9.000,00 €
TOTAL CONVENIO	42.500,00 €





Segunda. Publicidade e rexistro da addenda. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos nesta.

Terceira. Condicións

Esta addenda rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia Turismo de Galicia

O presidente

Alfonso Rueda Valenzuela

Pola Deputación de Ourense

O presidente

Rosendo L. Fernández Fernández

